



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I07I	<i>Expediente</i> CON/6/2019	<i>Fecha</i> 22-01-20 09:00

Sello o Certificación Mecánica

Número 57.- Proposta da Alcaldía relativa á concesión de diversos postos na nave 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 30 de decembro de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

57 .- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CONCESIÓN DE DIVERSOS POSTOS NA NAVE 5 DO MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do Alcalde, de data 9 de decembro de 2019; do informe con observacións de Intervención nº 1212, de data 30.decembro.2019, da viceinterventora co conforme do interventor xeral, e do informe da xefa de Contratación e Servizos Comunitarios, de 20.11.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"A. Sánchez Bugallo, Alcalde, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en exercicio das miñas competencias,

EXPOÑO:

1.- Con data 15 de marzo, a xefa de servizo de contratación e servizos comunitarios emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación da concesión de diversos postos na nave 5 do mercado de abastos de Santiago de Compostela.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I07I	<i>Expediente</i> CON/6/2019	<i>Fecha</i> 22-01-20 09:00

2.- Tamén con data 15 de marzo, a concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

3.- Ese mesmo día, a concelleira delegada de economía, facenda e administración resolveu iniciar o expediente proposto, ao que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4.- Finalmente, xa o día 28 de marzo seguinte, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Aprobar o expediente denominado **Concesión de diversos postos na nave 5 do mercado de abastos de Santiago de Compostela** e iniciar o procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto**.

As cantidades que o concesionario deberá pagar ao Concello serán, como mínimo, as seguintes, realizándose as ofertas á alza e rexeitando as proposicións que se presenten nas que se ofrezca un canon inferior ao respectivo tipo de licitación.

- Local nº 11: 12.024 euros/local.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I07I	<i>Expediente</i> CON/6/2019	<i>Fecha</i> 22-01-20 09:00

- Locais nº 6 e 7: 18.036 euros/local.

O canon que cada un dos adxudicatarios teña que satisfacer ao Concello pola concesión do local será o que oferte e será pagadeiro por unha soa vez no momento de formalización do contrato."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado "concesión de diversos postos na nave 5 do mercado de abastos de Santiago de Compostela e iniciar o procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto".

As cantidades que o concesionario deberá pagar ao Concello serán, como mínimo, as seguintes, realizándose as ofertas á alza e rexeitando as proposicións que se presenten nas que se ofrezca un canon inferior ao respectivo tipo de licitación.

- Local nº 11: 12.024 euros/local.

- Locais nº 6 e 7: 18.036 euros/local.

O canon que cada un dos adxudicatarios teña que satisfacer ao Concello pola concesión do local será o que oferte e será pagadeiro por unha soa vez no momento de formalización do contrato.

**A CONCELLEIRA SECRETARIA SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA
CIDADE DE SANTIAGO**

Asdo: Marta Abal Rodríguez



